

TEMA 7.1. ARTE DO RENAISSANCEMENTO. OS PRECURSORES S. XV

AS OBRAS OBJECTO DE ESTUDO para as ABAU

1. Brunelleschi: *Santa María dei Fiori* de Florencia.
2. Brunelleschi: *Basílica de San Lourenzo* de Florencia.
3. Michelozzo: *Palacio Medici-Ricardi*.
4. Donatello: *David*.
5. Donatello: *O Gattamelata*.
6. Masaccio: *O Tributo*.

CONTEXTO HISTÓRICO ARTÍSTICO

ARTE DO RENACEMENTO

O Renacemento é o movemento cultural que aparece na Italia do s. XV, estendéndose no resto de Europa no século seguinte.

- Os renacentistas pretenden o **renacer da arte e cultura greco-romana**, volver aos **ideais de harmonía e equilibrio** do mundo clásico.
 - Recupéranse as técnicas da antigüidade (fundición á "cera perdida"), ordes clásicas, a mitoloxía e a decoración antiga.
- No filosófico dáse o **humanismo**, nova maneira de ver o mundo fronte ao TEOCENTRISMO medieval; destacando o antropocentrismo (o ser humano coma centro do universo).
- Consolídase a **figura do artista**, considerado o autor da obra e valorado socialmente.
- As obras estarán financiadas polos **mecenas** (a familia Médici en Florencia, ou os diferentes papas en Roma). Empregan a arte coma un método de aumentar o seu prestixio e coma propaganda do seu poder.

ETAPAS:

- QUATTROCENTO (s. XV)
- CINQUECENTO (s. XVI)
- Manierismo (movemento manierista) a finais do s. XVI.

O Renacemento, un dos períodos esplendorosos da arte en Italia, coincide cunha etapa de crise económica e política:

- Italia vive nestes séculos XV e XVI unha época de decadencia económica, que se agudiza coa perda da importancia do Mediterráneo tras a chegada dos europeos a América; pasando o centro de gravidade da economía europea ao Atlántico.
- No político, a península italiana aparece dividida en numerosos estados, pequenas cidades (Florencia, Venecia, Milán, Xénova ou Roma) sendo invadidos polos franceses (Norte) e os españois (Sur).
 - Só Florencia (s. XV), coa familia dos Médici e Roma e Venecia (s. XVI) manterán unha relativa prosperidade. Será onde se desenvolva máis a arte renacentista.
- O Renacemento é froito da nostalxia; polas dificultades do presente os italianos volven a vista atrás, á época romana na que Italia dominaba o mundo, e tentan recuperar o esplendor pasado.
- A chegada a América fará que bascule o poder político e económico á Europa atlántica. O xurdimento das monarquías autoritarias, cuns reis que reforzaban o seu poder, fará que en moitos casos actúen de mecenas na busca de prestixio.
- No ámbito relixioso, a reforma protestante iniciada por Martiño Lutero e que se concretará coa aparición de novas confesións relixiosas, rachará a unidade da Igrexa católica, o que terá fondas implicacións non só relixiosas e políticas, senón tamén na arte, que se converterá nun vehículo de expresión das súas ideas.
- A rápida difusión das ideas do humanismo e da arte renacentista farase grazas á invención da imprenta e a difusión das súas ideas a través dos libros impresos.

OS PRECURSORES. (1ª metade s. XV):

Brunelleschi / Michelozzo / Donatello / Masaccio

FILIPPO BRUNELLESCHI (s. XV, 1377-1456).

É a figura máis importante da arquitectura da primeira metade do s. XV, famoso polas construcións e máis tamén polo seu labor teórico ao escribir o primeiro tratado sobre a perspectiva matemática ou científica. Foi pintor, escultor e arquitecto.

1. Cúpula da catedral de Santa María da Flor

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Cúpula da *Cattedrale di Sta. M^a dei Fiori*; ou cúpula da catedral de Santa María das Flores.
- **LOCALIZACIÓN:** FLORENCIA. Italia
- **AUTOR** da Cúpula: *Filipo de BRUNELLESCHI*.
- **TEMÁTICA:** Arquitectura Relixiosa
- **ESTILO:** *Quattrocento*. 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** Catedral iniciada a fins do s. XIII; a cúpula é do s. XV, c. 1419 – 1436.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** cúpula sobre tambor octogonal gótico xa construído. O material usado é o ladrillo. Son 2 cúpulas, unha dentro doutra. A orixinal é a solución técnica de Brunelleschi: bóveda construída sen cimbras –entramado de madeira-, como no Panteón, pechase a medida que se ascende.
- **DIMENSIÓNS:** 100 m de altura interior; 114,5 m de altura exterior; 45,5 m de diámetro exterior e 41 m de luz (diámetro interior)
- *Obras notables:* *Basílica de San Lourenzo en Florencia*.

Análise

A CATEDRAL DE SANTA MARÍA DA FLOR, (en italiano, *Cattedrale di Santa Maria del Fiore*), iniciouse a finais do s. XIII por *Arnolfo dei Cambio*, con intervencións de arquitectos como *Giotto* (campanario) e *Andrea Pisano*.

A medio construír, BRUNELLESCHI recibe o encargo de realizar a enorme cúpula montada sobre tambor octogonal gótico xa construído.

A obra realizarase entre 1420 e 1436.

- Brunelleschi asume papel de arquitecto moderno: deseño e coordinación das obras.
 - Innovou método construtivo: substitución das estadas de madeira, ir levantando a cúpula sobre parte inmediatamente anterior.
- Orixinal sistema de **dobre cúpula**:
 - O material usado é o **ladrillo**. As dúas cúpulas, unha dentro doutra, que se contrarrestan mutuamente. Oito espigóns de ladrillo en "espiña de peixe" forman a armazón interna que se vai trabando horizontalmente ao ascender.
 - Exterior é pouco clásico (agás o bordo de grilandas e arcos que separan o tambor da cúpula); estaba condicionado pola necesidade de manter a harmonía coa decoración de *cosmati* (taracea de mármore) do edificio.
 - Hai **colosalismo** nas dimensións, para emular ao Panteón de Roma e un novo uso do espazo que son xa claramente renacentistas. O orixinal é a solución técnica que emprega Brunelleschi: bóveda construída sen cimbras -entramado de madeira-, como no Panteón; que se vai pechando a medida que se ascendía.
- RESULTADO:
 - Cúpula liviá pero coa rixidez dun corpo macizo.

- Sobre ela colócase unha lanterna que dá luz ao interior sen deixar o ceo aberto como sucede no Panteón romano.
- Remata todo a gran bóla de bronce cuxa colocación, de notable problema técnico, resolve por medio dun orixinal ándamo.

Cúpula converteuse nun símbolo da cidade, do poderío de Florencia (económico e político).

Referente nas cúpulas modernas.

2. Igrexa de San Lourenzo de Florencia

FICHA TÉCNICA e Clasificación: ARQUITECTURA

OBRA- TÍTULO: Basílica de San Lorenzo.

- **LOCALIZACIÓN:** FLORENCIA. Italia
- **AUTOR:** *Filipo de BRUNELLESCHI.*
- **TEMÁTICA:** Arquitectura Relixiosa
- **ESTILO:** *Quattrocento.* 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** Catedral iniciada a fins do s. XIII; a cúpula é do s. XV, c. 1422 – 1442. Terminada por Manetti que engadiu a capela Maior (1447 – 70). Fachada inconclusa.
- **COMITENTES:** A familia Médici.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Construción realizada en pedra, con mármore para os revestimentos decorativos e material de recheo nas bóvedas. Na técnica optou pola recuperación do antigo modelo alintelado da basílica cristiá primitiva.
- **Obras notables:** *cúpula da catedral de Santa María da Flor.*

Coa Igrexa de S. Lourenzo de Florencia (1422-42) de Brunelleschi, aparece neste Quattrocento italiano un novo tipo de igrexa alieo aos modelos góticos; é o retorno aos **ideais de sinxeleza e harmonía da ARQUITECTURA CRISTIÁ PRIMITIVA.**

- A planta é **basilical** de cruz con forma de T inspirada nas basílicas paleocristiás da época de Constantino:
 - capelas encosteladas aos lados;
 - teitume en lintel;
 - 3 naves lonxitudinais, a central cuberta con madeira e casetóns e as laterais con bóvedas vaídas; perspectivas que conflúen no altar; etc.
- Destaca:
 - Racionalidade do alzado e o espazo interior modulado polo cadrado.
 - Principios xeométricos organizan o espazo simétrica e harmonicamente.
 - Nave central dúas veces máis alta que ancha.
 - Nave central dobre de altura e anchura cás laterais.
 - Brazos do transepto do mesmo tamaño que a capela do altar maior.
 - Elementos construtivos plenamente clásicos: arcos, columnas e capiteis de corintio romano, entaboamentos e pilastras encostadas, etc.
 - Máis orixinal é a interposición dun fragmento de entaboamento entre os capiteis da columnata e o arranque dos arcos, motivo de grande éxito posterior.
 - No cruceiro: cúpula semiesférica (Antigüidade clásica).
- O INTERIOR mostra unha imaxe de perspectiva máis en lintel.
 - Xoga coa luz e co uso de elementos como: arcos de medio punto acanalados, capiteis corintios romanos, entaboamento corrido acanalado e bicromía.
 - A gradación luminosa acentúa a perspectiva. O teito ten casetóns copiados do Panteón de Agripa.
 - Tamén hai un exercicio de perspectiva mediante o eixo de simetría no chan e as liñas do entaboamento.

- Altar situaríase nun "punto de fuga" de converxencias de liñas horizontais.
- Cómpre salientar que Brunelleschi é autor do primeiro tratado sobre a perspectiva matemática ou científica.
- San Lourenzo de Florencia é unha obra fundamental do primeiro Renacemento.
- Malia as súas influencias, obra plenamente renacentista:
 - Principios racionais, xeométricos e matemáticos.
 - Harmonía cadrado e círculo.
 - Harmonía no conxunto do edificio.
- Brunelleschi aplicou os mesmos principios noutras obras: *O pórtico do Hospital dos Inocentes*, *a Igrexa do Santo Espírito* ou a *Capela Pazzi*, última das súas obras, onde emprega a sección áurea.

3. Palacio de Medici-Riccardi

FICHA TÉCNICA e Clasificación: AR- QUITECTURA

OBRA- TÍTULO: Palacio Medici-Riccardi.

- **LOCALIZACIÓN:** FLORENCIA. Italia
- **AUTOR:** *Michelozzo di Bartolomeo* coñecido como *Michelozzo Michelozzi*.
- **TEMÁTICA:** Arquitectura palaciega ou civil.
- **ESTILO:** *Quattrocento*. 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** c. 1444-1459.
- **COMITENTES:** Cosme I *O Vello*, da familia dos Médici, fixo o encargo do proxecto a Michelozzo, tras desestimar o de Brunelleschi, por considerar ostentosas as características externas do edificio.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Construción realizada en pedra. Hai unha gradación de perpiaño almofado na parte inferior que evoluciona a un almofado moito mais suave e pulido na parte superior da fachada.
- *Obras notables:* *A basílica da Santísima Anunciación de Florencia.*

- O autor

Michelozzo di Bartolomeo (1396-1472), discípulo de Brunelleschi, é o autor do Palacio de Medici-Riccardi (1444-1459), **exemplo representativo do palacio renacentista**.

- Encargado no 1444 polo banqueiro e político Cosme o Vello, dos Médici, ao arquitecto, colaborador e discípulo de Brunelleschi, Michelozzo di Bartolomeo, coñecido como Michelozzo Michelozzi, que adaptará ao xeito renacentista a tradición palaciega da cidade.
- Os palacios urbanos tiveron auxe no Renacemento, símbolo da burguesía urbana e adinerada que substituíu o poder dos señores feudais e os castelos medievais.
 - Exterior de fortaleza, interior cun patio do Renacemento que articula as habitacións.
 - No exterior, os paramentos son de almofadado, signo distintivo de elevación social.
 - O palacio Medici-Ricardi é fío de Florencia, pola traza artística e mito histórico, como sede da familia máis poderosa do Quattrocento (Médici).
 - Exemplo

Análise

Michelozzo segue a **planta cadrada** do Quattrocento renacentista, co **patio de eixo central**, a cuxo arredor, dispóñense as distintas estancias.

- No **exterior** chama a atención a mole sobria, sen torre medieval, de vans regulares; o almofadado, na parte baixa, xera modelo rústico, suavizado en altura (civilízase), con perpiaño, sen protuberancia, que afunden as súas arestas.
 - O **almofadado**, referencia da Antigüidade romana, xera potentes e variables claroscuros que varían co paso das horas, amenizando a parede sen apenas adorno.
- A **fachada** exterior artículase en 3 pisos andares cornixas que delimitan o paramento:

- O andar inferior é de almofadado rústico, de aspecto tosco; entronca cos parámetros góticos e medievalistas. O muro inferior debía abrirse con 3 grandes arcos de medio punto, substituídos no s. XVI.
- No segundo andar o almofadado é lixeiro; conta con arcos de medio punto e 2 arcos máis pequenos cun parteluz, no interior.
- O terceiro e último andar é sen almofadado.
 - É o final da progresión do paramento, desde o máis basto á elegancia do 3º andar, máis renacentista que gótico. As xanelas deste andar seguen o modelo do anterior.
- O edificio remata coa gran cornixa voada sustentada por ménsulas (saíntes que soportan).
- A gradación do almofadado confire ritmo e soltura o edificio, de aspecto moi horizontal.
- Na parte baixa destacan os grandes arcos de medio punto (despezados nas dovelas) con xanelas cubertas polos frontóns, obra de Miguel Anxo que reformaba á imaxe da nova moda manierista (s. XVI).
- Nas partes altas dominan as xanelas bíforas, separando os andares por fortes liñas de imposta que culminan na cornixa sobresaínte.
- O **interior**, como nunha vila romana, articulase en torno ao patio de columnas clásicas de gran severidade (orde composta: xónica / corintia romana) que acentúan a lixeireza e estilización do patio.
 - Destacan as grandes arcadas de medio punto sobre as columnas e, sobre todo, a decoración de tondos (**tondo**: composición pictórica realizada en forma de disco) e medallóns (relevo) de gran calidade.
 - A decoración, do taller de Donatello, é de temas mitolóxicos inspirados na familia Médici. O patio ou *cortile* dá paso ao xardín onde arquitectura e natureza conxúganse nas formas.

- Foi a residencia privada da familia Médici, aínda que tamén para funcións públicas que amosaban o poder da familia.
 - Pasou por diferentes propiedades, desde que foi vendido no s. XVII, para pasar a propiedade pública a mediados do XX.

Modelo de arquitectura civil do 1º Renacemento, seguirase, entre outros, nos palacios Strozzi ouPazzi; Alberti fará a forma máis clásica e serena no Rucelai. Na Península Ibérica é un bo exemplo o Palacio de Carlos V en Granada de Machuca.

4. David, de DONATELLO.

FICHA TÉCNICA e Clasificación: ESCULTURA

- **OBRA- TÍTULO:** David.
- Escultura de vulto redondo, corpo enteiro.
- **LOCALIZACIÓN:** FLORENCIA. Italia
- **AUTOR:** Donatello; *Donato di Niccolo di Betto Bardi* (1386-1466).
- **TEMÁTICA:** Relixiosa / alegórica. Tema bíblico. Loita de David e Goliat.
- **ESTILO:** *Quattrocento*. 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** c. 1444.
- **COMITENTES:** Cosimo I *O Vello*, da familia dos Médici, fixo o encargo do proxecto a Donatello para o xardín do seu palacio.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Bronce puído, método da fundición á cera perdida, con formas anatómicas brandas e suaves no David, e rudas e rugosas na cabeza de Goliat.
- **DIMENSIÓNS:** 159 cm.
- *Obras notables:* *San Xurxo*, *Habacuc*; *a Madalena*.

O autor

DONATELLO é o escultor máis importante do Quattrocento florentino, creador do estilo do Renacemento pleno.

- A súa obra oscila entre a procura do equilibrio clásico (Cantoría da catedral de Florencia, San Xurxo) e certo expresionismo que acentúa os valores dramáticos (Habacuc ou a Madalena).
- Típico *homo universalis do Renacemento*, Donatello soubo de arquitectura, pintura e, no campo da escultura, cultiva todas as técnicas, desde a ourivaría até a escultura en madeira, pasando polo mármore e o bronce puído.

Análise

O tema de DAVID é dos predilectos dos escultores florentinos polo **significado alegórico** da vitoria da razón sobre a forza, do débil fronte ao poderoso.

- Perfecta metáfora das difíciles relacións entre Florencia e Roma e entre Florencia e os Médicis nos s. XV e XVI.
- Hai numerosos DAVID realizados por DONATELLO, VERROCHIO, MIGUEL ANXO..., chegando até o barroco co DAVID de BERNINI.

O David de Donatello realizouse para decorar o patio do palacio dos Médicis.

- É a 1ª **FIGURA ESPIDA fundida en bronce desde a Antigüidade** e supón a recuperación da técnica clásica da fundición á cera perdida (en oco).
- De influencias clásicas evidentes no tratamento anatómico e a curva praxiteliana e o *contrapposto*. A estatua ten a "charis", que os antigos atribuían a PRAXÍTELES e é claro o coñecemento da arte clásica:
 - Anatomía branda que proporciona beleza afeminada e ambigua.
 - Modelado suave.
 - A colocación das pernas, de apoio e a libre.
- **Tema:**
 - David está representado no momento inmediatamente posterior á morte de Goliat, apoiando un pé na cabeza do xigante que acaba de cortar

e sostendo aínda na man a pedra coa que o derrubou. Donatello opta por representar a pasaxe bíblica do enfrontamento entre o mozo David e o xigante soldado filisteo Goliat xusto no momento posterior ao enfrontamento, saldado coa vitoria en favor do mozo.

- David está representado **espido**, salvo o chapeu toscano coroadado con follas de loureiro e as botas altas, portando coa man dereita a espada coa que acaba de degolar a Goliat, cuxa cabeza pisa coa perna esquerda.
- David é un belo adolescente que parece vencer ao xigante pola beleza e non pola intelixencia, a súa serenidade clásica e o clasicismo do estudo anatómico fan dubidar da cronoloxía da obra. Na data de adxudicación Donatello aparece dominado pola forza interior dos seus personaxes, en ocasións con tinguaduras expresionistas como no Habacuc ou a Madalena penitente.
- Donatello volve a mirada á escultura clásica grega: o heroe bíblico aparece representado coma un deus olímpico.
- Donatello animou a revitalización do estudo e representación do corpo humano.
 - Influencia do tema na obra de Miguel Anxo e Bernini.

5. O Condotiero Gattamelata, de DONATELLO.

FICHA TÉCNICA e Clasificación: ESCULTURA

- **OBRA- TÍTULO:** CONDOTIERO GATTAMELATA.
- Escultura ecuestre de vulto redondo. Retrato.
- **LOCALIZACIÓN:** PADUA. Italia
- **AUTOR:** Donatello; *Donato di Niccolo di Betto Bardi* (1386-1466).
- **TEMÁTICA:** Función conmemorativa / funeraria; retrato.
- **ESTILO:** *Quattrocento*. 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** c. 1447 - 1453; s. XV.
- **COMITENTES:** Signoría de Venecia encarga a Donatello este monumento en agradecemento polos servicios prestados.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** fundido en bronce oco, cera perdida; á maneira das estatuas ecuestres dos emperadores romanos (Marco Aurelio); fundido no taller de Andrea della Caldiere.
- **DIMENSIÓNS:** 3,40 m de altura X 3,90 m, do Bronce; sobre zócalo base de 7,80 x 4,10 m.
- **Obras notables:** *Cantoría da catedral de Florencia, San Xurxo, Habacuc; a Madalena, David.*

Contexto histórico e artístico

- Escultura renacentista non rompe co anterior, xa que non houbo ruptura total coa Antigüidade.
- Ademais dos temas relixiosos, agora principios da Antigüidade clásica:
 - Figura humana como motivo principal:
 - Recuperación do espido.
 - Estatua ecuestre.
 - Retrato.
 - Materiais: mármore e bronce.
 - Perspectiva no relevo.
 - Escultura libérase da arquitectura, como boa mostra é esta obra, para ser situada no medio do espazo público.

O autor

- Donatello formouse ás ordes de Ghiberti (portas do baptisterio de Florencia), traballando con Brunelleschi nas obras da catedral de Florencia.
- Pasou unha tempada en Roma, onde aprendeu de obras da Antigüidade clásica.
- Na súa obra salienta coma tema central a figura humana.
 - Diferentes idades, diferentes materiais (do bronce á madeira).
 - *San Xurxo, David* ou *María Magdalena* (madeira policromada).

Análise

- Estatua conmemorativa e funeraria; o pedestal contén os restos do condottiero.

- Erixíuse na honra do condottiero da república véneta Erasmo de Narni; elaborado entre 1447 e 1453
 - Erasmo de Narni; Militar mercenario, de alto rango, coñecido co sobrenome de Gattamelata (gata melosa) polo seu carácter suave. Pediu ser enterrado na cidade de Padua.
- A Signoría de Venecia encargou a Donatello o monumento en agradecemento aos servizos prestados. O capitán mercenario avanza mirando á fronte desafiante, vestido á antiga e montado sobre un magnífico cabalo de movemento ondulante polo xiro da cola, posición da grupa e o xiro da cabeza da besta.
- Inspirada nas esculturas dos cabalos da igrexa de San Marcos de Venecia; e inspiración tamén atribuída á escultura ecuestre romana de Marco Aurelio.
- Fundido en **bronze oco**, á maneira das estatuas ecuestres como as dos emperadores romanos: Marco Aurelio.
- O rostro é un **verdadeiro retrato**, coa dignidade dos retratos celebrativos romanos (*imaxines maiorum*). A obra é o maior recoñecemento que Donatello fixo na súa vida da súa débeda coa arte clásica. De enorme influencia posterior, obra moi imitada, modelo ao Condottiero Colleoni de Verrochio e fonte de toda a retratística ecuestre posterior.

Vasari nas súas *Vitae* resume a súa importancia: Donatello demostrou tanto arte, e a fundición resultou tan notable nas proporcións e na súa bondade, que se paragona coas mellores estatuas da Antigüedade, polo seu movemento, debuxo, proporcións e execución.

6. Escena do Tributo (fresco da Capela Brancacci), de MASACCIO (PRIMEIRO TERZO DO S. XV).

FICHA TÉCNICA e Clasificación: PINTURA

- **OBRA- TÍTULO:** Escena do Tributo da Moeda (fresco da Capela Brancacci).
- **LOCALIZACIÓN:** Capela Brancacci, na igrexa de Sta. María do Carmine de Florencia. Italia
- **AUTOR:** Masaccio.
- **TEMÁTICA:** Relixiosa do Novo Testamento. Feitos de Xesús, episodio evangélico. O tema do ciclo da capela é a salvación da Humanidade operada por Xesús Cristo a través de Pedro.
- **ESTILO:** *Quattrocento*. 1º Renacemento italiano do S. XV.
- **CRONOLOXÍA:** c. 1425 – 1427; s. XV.
- **COMITENTES:** Felice Brancacci.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Pintura ao fresco.
- **DIMENSIÓNS:** 255 x 598 cm.
- *Obras notables:* *Virxe co Neno e Santa Ana. Virxe e o Neno. A Trindade.*

Contexto histórico-artístico

- Giotto impulsou a renovación da pintura italiana no s. XIII.
- Quattrocento:
 - Desenvólse pintura mural ao fresco.
 - Grande importancia escenarios arquitectónicos e a paisaxe.
 - Témpera sobre táboa.
 - Óleo, en Venecia na 2ª metade s. XIV (influencia flamenga).
- Autores máis importantes:
 - *Fra Angelico*, 1ª metade s. XIV, estilo gótico internacional.
 - *Masaccio*. Estilo orixinal.
 - *Paolo Uccello* e *Piero della Francesca*.
 - 2ª metade s. XIV:
 - *Ghirlandaio*, *Botticelli*, *Mantegna* e *Jacopo* e *Giovanni Bellini*.
- Na 1ª metade s. XIV aínda dominan os **temas relixiosos**.
 - Mais nova linguaxe artística: busca da **perspectiva**.

O autor

Tommaso di ser Giovanni dei Mone Cassai, MASACCIO (primeiro terzo do S. XV). Pintor do Quattrocento italiano, cunha vida moi breve (1401-1428). A súa obra ten unha importancia decisiva na historia da pintura.

- É coñecido pola súa **pintura ao fresco**.

MASACCIO é unha das figuras máis importantes da pintura italiana de principios do século XV. Traballa en Florencia e relaciónase con Giotto a través do seu mestre Masolino de quen toma o sentido escultórico das figuras e o gusto polas paisaxes lunares, mineralizadas.

- Coñece a **perspectiva científica** de Brunelleschi e a escultura de Donatello. Busca a **tridimensionalidade** a través de diversos recursos, fundamentalmente *escorzo* e *claroscuro*.
- Outras obras:
 - *Expulsión de Adán e Eva do Paraíso Terreal*.
 - *A Trindade*.

Análise

- Forma parte do ciclo de pinturas sobre a vida de San Pedro realizados na igrexa florentina de Santa María do Carmine de Florencia.

Na Escena do Tributo, represéntase un episodio evanxélico (Mateo 17, 24-27).

Cristo, acompañado dos seus discípulos, é abordado por un publicano (cobrador de tributos) quen lle esixe o pagamento dos impostos. Xesús envía a Pedro á beira do mar de Tiberíades onde recolle milagrosamente unha moeda do ventre dun peixe e a entrega ao recadador.

- Masaccio **representa os 3 momentos da acción** nun espazo continuo, rompendo o desenvolvemento lóxico e temporal dos acontecementos: sacrifica a claridade narrativa (lectura de esquerda a dereita) polo **equilibrio compositivo**.
 - A escena de Cristo e os apóstolos: represéntase no centro, reservando a Xesús o lugar privilexiado da composición.
 - Sitúa os episodios da recollida da moeda e do pagamento do tributo a ambos os dous lados do grupo central, moito máis pesado, co que a composición resulta equilibrada; non sucedería se se mantivese a orde lóxica da narración.
- No **estilístico**: evidente a **influencia de Giotto**, mais avances:

- Figuras cun forte sentido escultórico e volumétrico, conseguido grazas á técnica do claroscuro.
- No uso da paisaxe, aínda "mineralizado", mais avanzando no logro dunha unión orgánica entre figura/fondo. As figuras están na paisaxe, non diante como na obra de Giotto.
- Usa tamén as arquitecturas como elemento de perspectiva e o recurso das figuras de costas en 1º plano (recadador) que suxiren a profundidade.
- Perspectiva lineal. Punto de fuga na cabeza de Xesús (importancia da figura).
- A liña de horizonte marca a continuidade espacial da imaxe.

É probable que, máis aló do relato evanxélico, a escena escollérase para lembrar aos florentinos a obriga de pagar a contribución urbana (o catastro), instituído en 1427; o episodio do peixe pode interpretarse como alusión aos intereses marítimos de Florencia, conducidos polo propio Felice Brancacci coñecido armador.